



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
EN DATA 4 DE ABRIL DE 2017.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos do día 4 de abril de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Asiste como Secretaria a do Concello D<sup>a</sup>. Raquel Duarte Núñez.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN COBROS MERCADO MARZO 2017**

---

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de MARZO de 2017 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

**PUNTO 2.- SOLICITUDE DE PLAN CONCERTADO 207**

---

Vista a proposta de Alcaldía de data 03.04.2017, que literalmente di:

**“ PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto o decreto 99/2012, do 16 marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento o concello de A Guarda considera necesario a solicitude da transferencia finalista para xestionar os servizos sociais comunitarios do concello.

A vista do anterior propono á XGL a adopción do seguinte acordo:

1.- Solicitarlle á Consellería de Política social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2 O o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 205.950,00 euros co seguinte detalle:

- Persoal: 33.360,00€
- Mantemento: 0,00 €



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Axuda no fogar:
  - Modalidade de prestación básica do plan concertado: 0,0 €
  - Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 151.320,00€
- Xestión de programas: 21.000€
- Investimento: 0,0€

Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2017 na contía de 302.325,07€, que supón unha porcentaxe do 59,48% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **PUNTO 3.- ASUNTOS VARIOS**

---

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás nove horas e dous minutos do expresado día, estendéndose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.